Partindo dos referentes da pedagogía musical (Orff, Kodaly, Willems, Dalcroze, Wuytack, Dalcroze...) tentarase que o uso da voz, dos instrumentos, e do movemento corporal, sexan o referente constante na metodoloxía deste Departamento. A participación activa na actividade musical é o noso procedemento fundamental de ensino. Un ensino de nocións puramente teóricas desconectadas desta realidade, tende a apartar a arte da súa verdadeira misión. Calquera resultado, por brillante que sexa aparentemente, fracasará se se descoida o afeccionar ao alumnado á música de maneira auténtica.

Partindo desta realidade, a audición activa e analítica constitúe un segundo paso no achegamento á música para por último comprender e verbalizar conceptos teóricos e abstractos sobre a arte musical. Non desbotamos con isto as clases teóricas, o estudo da linguaxe e a notación musical, os contextos nos que xorden as nosas músicas, pero estes só poden ser apreñendidos logo de ser practicados e escoitados.

En Bacharelato os conceptos teóricos e a reflexión sobre o feito musical farase máis patente, especialmente en 2º Bacharelato, onde un extenso programa e a presión dunha probable proba de acceso á universidade, aínda non descartada para a materia nestes comezos de curso, fará da materia unha reflexión constante sobre os períodos históricos da música e da danza baseada na audición e no visionado de bailes, danzas, óperas...

En todo caso partiremos do nivel de desenvolvemento do noso alumnado para construír aprendizaxes que estimulen o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas. Facilitaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o educando poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido tentando que o proceso de aprendizaxe sexa cada vez máis autónomo. Favorecerase o traballo colaborativo e grupal facendo que o feito musical sexa relevante para a comunidade educativa e para o contorno social.

## **VI Materiais e recursos didácticos ↑**

A Aula de Música está ben dotada a nivel audio (cadea musical), vídeo (canón de proxección), informático (ordenador conectado á cadea e ao canón de proxección) e no tocante a instrumentos musicais (Clavinova PS-122, instrumentos de percusión, guitarras, batería,...) encerado pautado e tradicional... Á súa vez a Aula de Música está conectada directamente ao Departamento. A dotación deste en canto a libros, soportes ou rexistros sonoros,... sen ser excesiva, pode considerarse máis que suficiente. Tamén se contempla poder asistir á Aula de Informática cando o alumnado deba traballar con software musical.

O Departamento só utilizará libro de texto en 2º ESO acompañado dun caderniño complementario de exercicios. Continuamos co mesmo libro de cursos pasados:

Música ESO 1º CICLO- Proxecto Século XXI  
Galinova, 2012  
ISBN: 978-84-9737-190-2

Tamén en 2º ESO será necesario o uso da frauta doce ou de pico para a práctica musical.

Nos demais cursos traballarase con fotocopias e material que se lle irá subministrando ao alumnado durante o desenvolvemento das clases. Nas dúas primeiras semanas de curso recollerase entre as alumnas e alumnos un fondo, nunca moi gravoso, que sirva para pagar todo este material e que evite o constante desembolso de pequenas cantidades de cartos na conserxería do Instituto durante o curso escolar. No caso de que o alumnado non poida sufragar eses cartos, o Centro educativo farase cargo do custe do material.

## VII Bloques de contidos ↑

De xeito sucinto expoñemos a continuación os bloques de contidos principais

### VII.1 2º ESO – Bloques de contidos ↑

- I.** Linguaxe musical: ten como obxectivo instruír ao alumnado nos coñecementos básicos dos aspectos que regulan e categorizan a música.
- II.** Práctica instrumental: mediante o emprego de instrumentos escolares os alumnos búscase que os alumnos melloren non só a interpretación de pezas vocais e instrumentais, senón que adquiran soltura á hora de expoñerse cara ao público e gañen confianza en si mesmos.
- III.** Coñecemento instrumental: neste apartado preséntanse as distintas familias instrumentais, facendo fincapé no seu deseño, construción e forma de producir o son.
- IV.** Descubrir a música: este bloque ten unha dobre funcionalidade. Por un lado, presentar ao alumnado, de forma amena, música que se afasta do repertorio que escoitan habitualmente. Por outro, preténdese que o alumnado perciba os elementos aprendidos no bloque de Linguaxe Musical.
- V.** Historia da música galega: como o seu propio nome indica, neste apartado faise un repaso da Historia da música galega desde as súas orixes ata a actualidade.
- VI.** Música moderna: este bloque pretende que o alumnado amplíe os seus gustos e coñecementos musicais e contribúe a formalo nun consumo responsable da música.

### VII.2 3º ESO – Bloques de contidos ↑

#### Introdución

- I.** Conceptos básicos
- II.** Recitando na aula
- III.** Música e contextos

#### Introdución

III.1 A Música na Prehistoria

III.3 A Música na Idade Media

III.4 A Música na Idade Moderna: o Renacemento

III.5 A Música na Idade Moderna: o Barroco

III.6 A Música na Idade Contemporánea: o Clasicismo

III.7 A Música na Idade Contemporánea: o Romanticismo

III.8 A Música na Idade Contemporánea: o século XX

## **VII.3 4º ESO – Bloques de contidos ↑**

### *Introdución e conceptos básicos*

- I.** Xéneros e estilos musicais
- II.** Un mundo para escoitar: reflexións sobre o son e o ruído.
- III.** Música e imaxe
- IV.** Música e medios de comunicación
- V.** Música e tecnoloxía
- VI.** Ámbitos profesionais na música

## **VII.4 LPM – Bloques de contidos ↑**

- I.** Linguaxe e teoría da música
- II.** Interpretación musical
- III.** Historia das músicas populares urbanas
  - III.1 Introdución
  - III.2 Jazz
  - III.3 Country
  - III.4 Anos 50
  - III.5 Anos 60
  - III.6 Anos 70
  - III.7 Anos 80-90
- IV.** Técnicas básicas de traballo de investigación

## VIII Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción ↑

Sintetizamos a continuación os criterios sobre avaliación, cualificación e promoción, que lle serán transmitidos ao alumnado ao comezo de curso simplificando a complexidade da concreción do grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe para superar a materia.

### VIII.1 Criterios 2º ESO ↑

Ao alumnado de 2º ESO seralle comunicado que os criterios sobre a avaliación do seu curso son os que seguen:

**Actitude:** asistencia a clase, comportamento, atención, participación, esforzo, entrega de traballos, confección do caderno de clase.

**Audición-Teoría:** identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical empregando a linguaxe apropiada. Recoñecer auditivamente e determinar os estilos e as épocas ás que pertencen as distintas pezas. Comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as músicas escoitadas.

**Interpretación:** desenvolver interpretacións de xeito grupal e individual, a nivel instrumental, vocal ou de movemento, lendo axeitadamente as grafías musicais necesarias e respectando as pautas básicas de interpretación.

	Actitude	Aud-Teo	Interpretación	Nota
1ª				
2ª				
Final				

Cada un destes criterios terá un peso na nota de avaliación dun 33%, e a nota final do curso recollerá a media do realizado nas tres avaliacións.

A nota do apartado **actitude** sairá da observación e posterior rexistro en clase dos distintos aspectos valorados. Nalgún caso farase uso da técnica de pregunta en clase e posterior anotación, ou do emprego da Rúbrica 2 para puntuar o caderno de clase ou a confección de traballos. Cada aspecto dos recollidos terá un peso de 1/8, salvo o esforzo, 2/8. A nota de **audición-teoría** sairá de probas escritas, centradas en preguntas sobre audicións e tamén baseadas en cuestións de carácter máis teórico. Tentará facerse un mínimo de dúas por trimestre en cada apartado, puntuadas de 0 a 10 con decimais. A **interpretación** será valorada mediante a Rúbrica 1 e sempre, ao igual que a actitude, con números enteiros.

Só promocionarán aqueles alumnos e alumnas que sumen 20 ou máis puntos na avaliación final, é dicir, unha media de 5.

## VIII.2 Criterios 3º ESO ↑

Ao alumnado de 3º ESO seralle comunicado que os criterios sobre a avaliación do seu curso son os que seguen:

**Actitude:** asistencia a clase, comportamento, atención, participación, esforzo, entrega de traballos, confección do arquivador.

**Audición:** identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical empregando a linguaxe apropiada.

**Contextos:** recoñecer auditivamente e determinar os estilos e as épocas ás que pertencen as distintas pezas. Comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as músicas escoitadas.

**Interpretación:** desenvolver interpretacións de xeito grupal e individual, a nivel instrumental, vocal ou de movemento, lendo axeitadamente as grafías musicais necesarias e respectando as pautas básicas de interpretación.

	Actitude	Audición	Contextos	Interpretación	Nota
1ª					
2ª					
Final					

Cada un destes criterios terá un peso na nota de avaliación dun 25%, e a nota final do curso recollerá a media do realizado nas tres avaliacións. Pese a que en notas parciais poidan existir cualificacións con decimais, todos os aspectos recollidos no cadro serán amosados ao alumnado con números enteiros de 0 a 10.

A nota do apartado **actitude** sairá da observación e posterior rexistro en clase dos distintos aspectos valorados. Nalgún caso farase uso da técnica de pregunta en clase e posterior anotación, ou do emprego da Rúbrica 2 para puntuar o arquivador ou a confección de traballos. Cada aspecto dos recollidos terá un peso de 1/8, salvo o esforzo, 2/8. A nota de **audición** e **contextos** sairá de probas escritas, no primeiro caso centradas en preguntas sobre audicións e no segundo baseada en cuestións de carácter máis teórico. Haberá un mínimo de dúas por



trimestre en cada apartado, puntuadas de 0 a 10 con decimais. A **interpretación** será valorada mediante a Rúbrica 1 e sempre con números enteiros.

Só promocionarán aqueles alumnos e alumnas que sumen 20 ou máis puntos na avaliación final, é dicir, unha media de 5.

## VIII.3 Criterios 4º ESO ↑

Ao alumnado de 4º ESO seralle comunicado que os criterios sobre a avaliación do seu curso son os que seguen:

**Actitude:** asistencia a clase, comportamento, atención, participación, esforzo, entrega de traballos, confección do arquivador.

**Audición:** identificar e analizar os compoñentes básicos e os aspectos técnicos dunha obra musical empregando a linguaxe apropiada. Recoñecer auditivamente e determinar os estilos e as épocas ás que pertencen as distintas pezas. Comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as músicas escoitadas.

**Teoría:** comprender e coñecer a relación da música coa vida cotiá, cos mass media, co mundo da imaxe, co da tecnoloxía e cos distintos ámbitos profesionais.

**Interpretación:** desenvolver interpretacións de xeito grupal e individual, a nivel instrumental, vocal ou de movemento, lendo axeitadamente as grafías musicais necesarias.

**Traballos:** colaboración nos traballos grupais, e desenvolvemento de traballos individuais, seguindo as indicacións e as técnicas básicas aprendidas en clase.

	Actitude	Audición	Teoría	Interpretación	Traballos	Nota
1ª						
2ª						
Final						

Cada un destes criterios terá un peso na nota de avaliación dun 20%, e a nota final do curso recollerá a media do realizado nas tres avaliacións. Pese a que en notas parciais poidan existir cualificacións con decimais, todos os aspectos recollidos no cadro serán amosados ao alumnado con números enteiros de 0 a 10.

A nota do apartado **actitude** sairá da observación e posterior rexistro en clase dos distintos aspectos valorados. Nalgún caso farase uso da técnica de pregunta en clase e posterior anotación, ou do emprego da Rúbrica 2 para puntuar o arquivador. Cada aspecto dos recollidos terá un peso de 1/8, salvo o esforzo, 2/8.

A nota de **audición e teoría** sairá de probas escritas, no primeiro caso centradas en preguntas sobre audicións e no segundo baseada en cuestións de carácter máis teórico. Tentarase, na medida do posible, un mínimo de dúas por trimestre en cada apartado, puntuadas de 0 a 10 con decimais. A **interpretación** será valorada mediante a Rúbrica 1 e sempre con números enteiros. Idéntico sistema de puntuación recibirá a confección e presentación de **traballos**, valoradas mediante a Rúbrica 2, e dos que se solicitarán arredor de dous por trimestre.

Só promocionarán aqueles alumnos e alumnas que sumen 25 ou máis puntos na avaliación final, é dicir, unha media de 5.

## VIII.4 Criterios LPM – 1º Bacharelato ↑

Ao alumnado de Linguaxe e Práctica Musical seralle comunicado que os criterios sobre a avaliación do seu curso son os que seguen:

**Actitude:** asistencia a clase, comportamento, atención, participación, esforzo, entrega de traballos.

**Audición:** identificar e analizar os compoñentes básicos e os aspectos técnicos dunha obra musical empregando a linguaxe apropiada. Recoñecer auditivamente e determinar os estilos e as épocas ás que pertencen as pezas escoitadas ou interpretadas. Comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as audicións realizadas.

**Teoría:** coñecer a linguaxe e teoría musical básica, ademais da historia e os contextos nos que se desenvolven as músicas escoitadas e interpretadas ao longo do curso.

**Interpretación:** desenvolver interpretacións de xeito grupal e individual, a nivel instrumental, vocal ou de movemento, lendo axeitadamente as grafías musicais necesarias e respectando as pautas básicas de interpretación.

	Actitude	Audición	Teoría	Interpretación	Nota
1ª					
2ª					
Final					

Cada un destes criterios terá un peso na nota de avaliación dun 25%, e a nota final do curso recollerá a media do realizado nas tres avaliacións. Pese a que en notas parciais poidan existir cualificacións con decimais, todos os aspectos recollidos no cadro serán amosados ao alumnado con números enteiros de 0 a 10.

A nota do apartado **actitude** sairá da observación e posterior rexistro en clase dos distintos aspectos valorados. Nalgún caso farase uso da técnica de pregunta en clase e posterior anotación, ou do emprego da Rúbrica 2 para puntuar a entrega de traballos. Cada aspecto dos recollidos terá un peso de 1/6. A nota de **audición** e **teoría** sairá de probas escritas, no primeiro caso centradas en preguntas sobre audicións e no segundo baseada en cuestións de carácter máis

teórico. Haberá un mínimo de dúas por trimestre en cada apartado, puntuadas de 0 a 10 con decimais. A **interpretación** será valorada mediante a Rúbrica 1 e sempre con números enteiros.

Só promocionarán aqueles alumnos e alumnas que sumen 20 ou máis puntos na avaliación final, é dicir, un media de 5.

De xeito experimental este curso 2017/18, propoñemos ao alumnado a realización dun **proxecto de investigación** ao longo do curso que cubra distintas fases, dirixidas polo profesor, ata a súa exposición final. Dada a súa envergadura e profundidade, pensamos que un bo desenvolvemento do mesmo pode eximir ao alumno ou alumna da realización dos exames de audición e teoría, polo que a nota destes apartados concentraríase no cumprimento e realización das diferentes etapas do proxecto. Esta nota abarcaría pois o 50% da nota final, e concretaríase realmente na avaliación final. Puntuaríase de 0 a 10 mediante a Rúbrica 2. Esta opción é optativa, e foi escollida en principio por dúas alumnas.

	Actitude	Proxecto de investigación	Interpretación	Nota
1ª				
2ª				
Final				

## **IX Indicadores de logro no proceso de ensino ↑**

Ao final de cada trimestre terase en conta mediante o diálogo e as enquisas dirixidas ao alumnado a marcha do curso atendendo a que as opinións dos educandos poden incidir na mellora da práctica docente. Habará un proceso de reorientación continua simultánea a aplicación na aula da programación. Instrumentos como o diario do profesorado, achegarán consideración, xuízos, suxestións... que logo serán obxecto dunha máis profunda reflexión ao final do proceso avaliador. Á vez disto, facer unha análise obxectiva dos resultados conseguidos en cada avaliación servirá para adoptar as medidas pertinentes que permitan ao alumnado conseguir de forma satisfactoria as competencias básicas e a superación da materia.

Consciente de que a comunicación oral de suxestións, críticas ou opinións, pode coartar a liberdade de expresión do alumnado, este cubrirá unha enquisa anónima que é a que segue, e onde se recollen aspectos básicos da práctica docente. Axuntamos o modelo para profesor e para profesora.

## MODELO ENQUISA ALUMNADO - AVALIACIÓN MATERIA E PROFESOR DE MÚSICA

### 1. Organización e planificación

1.1 • O profesor explica con claridade os contidos da materia

Moita Bastante Regular Pouca Moi pouca

1.2 • O profesor mostra coñecer suficientemente os contidos da materia

Moito Bastante Normal Pouco Moi pouco

1.3 • O profesor desenvolve na aula os contidos de xeito organizado

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.4 • O profesor resolve ben as dúbidas ou preguntas

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.5 • O profesor presenta cuestións para o debate e a discusión

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.6 • O profesor fomenta a participación activa nas clases

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.7 • As audicións son apropiadas ao explicado

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

### 2. Avaliación

2.1 • O profesor axusta os exames ao contido do explicado

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

2.2 • Estou de acordo co resultado recibido na avaliación.

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

2.3 • Grao de dificultade dos exames

Moita Bastante Normal Pouca Moi pouca

2.4 • Creo que na miña nota merezo un

0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

### 3. Ambiente e comportamento do profesor en clase

3.1 • O ambiente en clase é:

1. Revolto e desordenado. 2. Adecuado para impartir clase. 3. Serio e aburrido.

3.2 • O comportamento do profesor en clase é:

1. Non domina a clase. 2. Deixa moitas liberdades. 3. Esixe demasiado de nós. 4. Adecuado.

3.3 • O trato recibido polo profesor en clase é:

1. Non me ten respecto. 2. Faltoume ao respecto nalgunhas ocasións. 3. Síntome satisfeito/a co trato recibido.

### 4. Valoración global (nunha escala de 0 a 10)

4.1 • O nivel de dificultade desta materia é: (0=Moi fácil / 10=moi difícil)

4.2 • O meu nivel de satisfacción coa asistencia ás clases: (0=Moi insatisfeito / 10=moi satisfeito)

4.3 • En termos xerais puntúa ó profesor

## MODELO ENQUISA ALUMNADO - AVALIACIÓN MATERIA E PROFESORA DE MÚSICA

### 1. Organización e planificación

1.1 • A profesora explica con claridade os contidos da materia

Moita Bastante Regular Pouca Moi pouca

1.2 • A profesora mostra coñecer suficientemente os contidos da materia

Moito Bastante Normal Pouco Moi pouco

1.3 • A profesora desenvolve na aula os contidos de xeito organizado

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.4 • A profesora resolve ben as dúbidas ou preguntas

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.5 • A profesora presenta cuestións para o debate e a discusión

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.6 • A profesora fomenta a participación activa nas clases

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

1.7 • As audicións son apropiadas ao explicado

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

### 2. Avaliación

2.1 • A profesora axusta os exames ao contido do explicado

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

2.2 • Estou de acordo co resultado recibido na avaliación.

Moito Bastante Regular Pouco Moi pouco

2.3 • Grao de dificultade dos exames

Moita Bastante Normal Pouca Moi pouca

2.4 • Creo que na miña nota merezo un

0 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

### 3. Ambiente e comportamento da profesora en clase

3.1 • O ambiente en clase é:

1. Revolto e desordenado. 2. Adecuado para impartir clase. 3. Serio e aburrido.

3.2 • O comportamento da profesora en clase é:

1. Non domina a clase. 2. Deixa moitas liberdades. 3. Esixe demasiado de nós. 4. Adecuado.

3.3 • O trato recibido pola profesora en clase é:

1. Non me ten respecto. 2. Faltoume ao respecto nalgunhas ocasións. 3. Síntome satisfeito/a co trato recibido.

### 4. Valoración global (nunha escala de 0 a 10)

4.1 • O nivel de dificultade desta materia é: (0=Moi fácil / 10=moi difícil)

4.2 • O meu nivel de satisfacción coa asistencia ás clases: (0=Moi insatisfeito / 10=moi satisfeito)

4.3 • En termos xerais puntúo ó profesor



## **X Materias pendentes ↑**

En todos os casos nos que os/as alumnos/as pasen de 2º a 3º, ou de 3º a 4º, coa materia suspensa, insistirase nos contidos do curso anterior facilitándolles material e facéndolles un seguimento mensual, sendo fundamental que realicen as tarefas encomendadas e a súa asistencia ás reunións que se convoquen no Departamento para superar a área suspensa. As tarefas consistirán principalmente na lectura de libros, realización de comentarios, escoita de audicións... Actividades que non supoñan un peso excesivo para o curso no que xa está inmerso o alumno ou alumna. De non confeccionar estas tarefas realizarán dúas probas (dous parciais) e se fose necesario unha proba final arredor do mes de maio. De xeito similar actuaríase en caso de que a materia suspensa fose a de 1º Bacharelato.

Utilizarase como hora de reunión cos pendentes tanto recreos como horas pola tarde fóra do horario lectivo do alumnado.

29 Xaneiro	17:00	<b>1º Parcial</b>
15 Abril	17:00	<b>2º Parcial</b>
Maio		<b>FINAL</b>

Alumnado coa materia pendente:

Couto Pérez Pablo (4ºB)	Pendente 3º
Covelo Blanco Fernando (4ºB)	Pendente 3º

## **XI Acreditación conocimientos previos materias Bacharelato ↑**

Non é de aplicación.

## **XII**      **Avaliación inicial** ↑

O Departamento de música do IES Chapela consta de tres profesores. Unha profesora encargada do curso de 2º ESO, e dous profesores que imparte en 3º e 4º ESO, e 1º. Existe un coñecemento e seguimento do alumnado, non moi numeroso, que non fai necesario a realización dunha avaliación inicial en 4º ESO e 1º Bacharelato.

No caso de 2º ESO recibimos por primeira vez ao alumnado na Aula de Música, xa que no curso de 1º ESO non se imparte a materia. Este alumnado vén coa experiencia musical da primaria. Nas primeiras semanas de clase realízase con eles unha sinxela avaliación inicial consistente en cuestionarios sobre gustos musicais, experiencias musicas á marxe da aula... que tratan de obter información básica sobre cada alumno e alumna de cara ao comezo das clases. Non vemos necesario realizar unha proba formal, propiamente dita, xa que o propio nivel de 2º ESO é ben básico e de iniciación.

En canto a 3º, e co cambio de profesor, realízase unha reunión de Departamento onde se intercambia información do alumnado que pasa de 2º a 3º, as súas dificultades, sobredotación en caso de existir, puntos débiles do ano pasado... Logo do inicio das clases mediante un repaso de contidos de 2º, téntase comezar cun exame que recolla contidos pasados no primeiro mes de curso, e que dalgún modo nos sirva tamén de avaliación inicial.

## **XIII Medidas de atención á diversidade ↑**

### ***Alumnado repetidor***

Naqueles casos nos que un alumno ou alumna repita curso e teña cursado xa a materia de música o ano anterior, a súa situación terase en conta de dous xeitos diferentes.

- a) Se non superou a materia o ano anterior faráselle un seguimento especial co fin de que non se volva repetir a mesma mala cualificación.
- b) Se, pola contra, superou a materia de maneira folgada, estudarase algunha medida de ampliación, ou mesmo algunha tarefa diferente á do resto do grupo para non caer na repetición de contidos e experiencias do ano pasado. (Nesta última situación non temos ningún caso no presente curso escolar)

González Juanes,Iván	Repite 2º ESO Materia suspensa (3)
Marco Barbosa, Marcos A	Repite 2º ESO Materia Aprobada (5)
Pillado Castro, Olalla	Repite 2º ESO Materia aprobada (6)
Castro Viaño , Roberto	Repite 2º ESO Materia suspensa (1)
Espiño García, Joel	Repite 2º ESO Materia suspensa (4)
Antúnez Otero ,Katia	Repite 3º ESO Materia aprobada (7)
Bouza Lago, Ainara	Repite 3º ESO Materia suspensa (4)
García Comesaña, Miguel	Repite 3º ESO Materia suspensa (6)
Martínez Buceta, Kevin	Repite 3º ESO Materia suspensa (4)
Rodríguez Román, Alexandre	Repite 3º ESO Materia suspensa (4)
Sánchez Lago,Yaiza	Repite 3º ESO Materia aprobada (5)
Alves Baamonde,Javier Jesús	Repite 4º ESO Materia aprobada (5)
Covelo Vidal, Javier	Repite 4º ESO Materia aprobada (9)
Juan González, Daniel	Repite 4º ESO Materia aprobada (9)
Dios Iglesias, Raúl de	Repite 1ºBach B
Rodríguez Pazos, María	Repite 1ºBach B
Sarandeses González, Samuel	Repite 1ºBach B

### ***Alumnado con sobredotación***

Do mesmo xeito que desde este Departamento se terán en conta as dificultades do alumnado para superar a materia, tamén se poñerá especial fincapé naquel alumnado que conte con capacidades, formación, ou coñecementos musicais por riba do grupo. Co comezo de curso valoramos esta circunstancia para asignarlles tarefas máis complexas, papeis máis destacados nas interpretacións da aula, ou algunha actividade que permita expresar esas capacidades. Tamén se recomendará ao alumnado que curse ensinanzas profesionais no conservatorio a validación da materia de música e mesmo dunha optativa para que poida

simultanear os estudos musicais cos de secundaria e bacharelato da mellor forma posible.

## **XIV Elementos transversais ↑**

### **Contribución ao proxecto lector**

En relación co proxecto lector do centro dirixido a fomentar a lectura e escritura e a potenciar o uso da Biblioteca, o Departamento tratará de apoiar o mesmo en distintos niveis.

**2º ESO** Visitas guiadas á biblioteca co fin de dar a coñecer as fontes coas que conta o Departamento. Busca de libros: manexo de fichas e bases de datos.

**3º ESO** Como en anteriores anos desenvolverase unha unidade de lectura de poesía incluída na programación e que xa ten dado resultados como o Podcast de "No corazón unha arela" ou o máis recente "Celso Emilio, ferreiro das palabras aceirudas" que pode ser consultado no portal de YouTube <http://www.youtube.com/watch?v=9DIzzygvECc>. O alumnado seleccionará poesías de libros buscados na biblioteca e traballarase na recitación e declamación dos textos.

**3º e 4º ESO:** Elaboración de traballos nos que se terá moi en conta a adquisición das competencias básicas de escritura en canto a boa redacción, ortografía...

**Bacharelato:** Bibliografía e realización de traballos de investigación.

Ademais disto o Departamento colaborará co profesorado encargado da biblioteca en calquera actuación que se desenvolva na mesma e que estea relacionada coa música: audicións comentadas, música de ambiente, compra de rexistros musicais...

### **Contribución ao plan TIC**

Se en todas as materias a introdución das novas tecnoloxías é un feito crecente e necesario, no caso da música amósasenos a día de hoxe un fenómeno indispensable. O salto cualitativo dado na gravación e reprodución do son, así como

a súa unión co mundo da imaxe, supón para nós un piar básico no noso quefacer pedagóxico. Continuando o fío de traballos realizados en cursos pasados, proseguimos agora con novos retos.

Como obxectivos planeamos empregar e optimizar o material audiovisual e informático do Departamento, e do Centro, convertendo o seu uso en algo inherente á práctica pedagóxica cotiá. Crear e reformar materiais informáticos utilizados na materia como recursos didácticos, actualizar e mellorar a páxina Web do Departamento de Música e ofrecer ao alumnado produtos audiovisuais nos que sexa o/a protagonista.

Entre algunhas das propostas metodolóxicas e actividades propoñemos:

- **Gravación con karaoke**, dirixida principalmente a alumnos/as de **2º ESO** que teñen na frauta de pico unha das súas principais ferramentas para acercarse ao mundo da música. Trátase de gravar a súa participación solista por riba dun acompañamento musical pregravado e que poidan logo escoitalo.
- **Recitando na aula**, dirixida a **3º ESO**, consiste na gravación de poesías nas voces do alumnado ás que logo se lle engade música que se coordina cunha presentación de imaxes. En colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, propoñemos para o curso 2017/18, un monográfico sobre algunha ou algún poeta. Tras editar en CD o traballo, colgarase na páxina Web do Departamento a modo de Podcast.
- **Facendo música**. Edición dun CD gravando por pistas, voces e instrumentos dos/as alumnos/as de **4º ESO** e **1º Bacharelato**.
- **Paisaxe sonora**. Elaboración da paisaxe sonora de Chapela co alumnado de 4º ESO. Tratarase de gravar os distintos sons da parroquia e logo aloxalos nunha páxina web.



- **As voces do IES Chapela** tratará de gravar nunha breve intervención a os/as alumnos/as, profesores/as durante o curso 2017/18. O obxectivo é poñer os cimentos dunha paisaxe sonora vocal que pode complementarse en anos posteriores e enriquecerse con voces gravadas desde o ano 1993.

### **Contribución ao plan de convivencia**

Favorecidos por contar con non demasiados alumnos e alumnas por grupo nesta materia, o traballo diario na aula será un dos medios máis adecuados para fomentar o desenvolvemento das habilidades sociais de cooperación entre o alumnado. Ante calquera conflito que poida xurdir na aula, empregaremos técnicas de resolución pacífica, buscando especialmente o desenvolvemento de empatía entre os educandos. O propio tratamento dos temas transversais está moi relacionado con esta contribución ao plan.

A acción educativa do noso Departamento terá como obxectivo a formación humana do noso alumnado e fomentará valores como a igualdade, a tolerancia, a non violencia e o respecto aos demais. Na medida da nosas posibilidades, axudaremos a resolver os problemas derivados das malas condutas e fomentaremos a harmonía e o respecto mutuo dentro e fóra da aula.

Neste curso elaboraremos materias para unha Aula de Convivencia que se poñerá en funcionamento en poucas semanas. Trátase de que a mesma non sexa unha aula de castigo, senón unha aula onde reflexionar sobre os conflitos e poder seguir traballando.

### **Temas transversais**

#### **Educación do consumidor**

Os/As alumnos/as deberán aprender a discriminar os múltiples intereses que conclúen no consumo habitual de música e reforzar opcións persoais ben

fundamentadas. É tal a presión dos intereses comerciais que aprender a diferenciala e a consumila cun criterio de calidade constitúe un xeito de aprender a desenvolverse na sociedade de consumo.

Esta aprendizaxe ademais é extrapolable a outros aspectos da vida real, e por suposto é un xeito tamén, de acadar unha educación funcional que implique modos de comportamento na vida real fóra do Instituto. Centraremos principalmente esta aprendizaxe no curso de 4º ESO.

### **A igualdade entre sexos**

A miúdo en música danse determinadas actitudes estereotipadas asociadas a un sexo determinado coma por exemplo o asociar instrumentos que producen moito estrondo (bombo, pratos, caixa...) ao sexo masculino mentres que para o feminino se reserva outro tipo de instrumental máis melódico e de son máis agradable (fautas, carillóns,...). Trátase en definitiva de corrixir estas divisións. Centraremos principalmente esta aprendizaxe no curso de 2º ESO.

Por suposto que a nivel histórico trátase ademais de facer visible ás mulleres que na Hª da música tiveron un papel primordial, ben naquelas ocupacións que a historia si valorou (compositoras, intérpretes...) ben noutras que quedaron relegadas a un segundo plano por ser desenvolvidas principalmente por mulleres (profesoras de música, bailarinas, cantantes tradicionais...). Centraremos principalmente este obxectivo en 3º ESO.

## **XV Actividades complementarias e extraescolares ↑**

Durante o curso trataranse de realizar as saídas didácticas que sexan posibles tendo en conta a escasa oferta de programación de concertos para escolares e que non interfiran demasiado na marcha normal do curso. Ditas saídas, coordinadas coa Vicedirección do Instituto, terán carácter obrigatorio e serán obxecto dunha serie de actividades previas e posteriores ao concerto, incluíndose unha avaliación das mesmas. Tentarase que o maior número posible de alumnos/as poida participar nalgunha actividade atendendo a todos os cursos.

Non podemos fixar a estas alturas todas as saídas nin a súa correspondente data por depender das programacións de institucións públicas e privadas e da súa oferta de actividades musicais do noso interese, ademais das nosas posibilidades económicas.

Está previsto que a mediados de outubro, o alumnado de música de 4º ESO, realice un "paseo sonoro" por Chapela. Un percorrido pola parroquia paralelo ao exercicio auditivo co fin de establecer unha relación consciente co contorno para captar as variacións e riqueza acústica que este posúe.

Tamén temos concedido a asistencia a varios concertos no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela dirixido ao alumnado de música de ESO e Bach.

- 17-1 Romeo e Xulieta. Real Filharmonía Galicia. Música e Monicreques 2º ESO
- 7-2 O Flamenco e as outras músicas 4º ESO + Bach
- 3-3 Gallaecia, Gallaeciños. Música e Teatro 3º ESO

No programa dirixido a centros educativos de ESO e Bacharelato, do Teatro Afundación de Vigo, temos confirmada a asistencia ao programa de concertos de Clásica gratuítos "Quedamos no palco, quedamos coa clásica" do primeiro trimestre do curso 19/20 que se desenvolve fora do horario lectivo.

Por outro lado o Departamento de Música sempre estará predisposto a colaborar nas múltiples actividades que a Vicedirección do Centro, e sobre todo o EDLG, programa, e que teñen na música un dos seu valores máis fortes.

## **XVI Avaliación da Programación ↑**

A avaliación da programación será paralela ao desenvolvemento da materia durante o curso escolar. Os indicadores de logro no proceso de ensino, expostos no apartado IX, reorientarán constantemente a marcha da programación. A propia memoria final de cada curso escolar será un punto final que avaliará a programación, pero sobre todo un punto de inicio para a súa mellora de cara ao seguinte curso escolar, como é o caso da presente. Nesta memoria final faremos unha especial análise dos resultados académicos acadados polo alumnado, analizando as súas causas e detectando aqueles puntos da programación que deben ser revisados.

Ofrecemos por última unha folla de rexistro que pode ser útil para valorar a nosa programación e tomar as medias de mellora oportunas.

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades/temas/proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e a temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unidade, tema ou proxecto.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na calificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (en caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos...				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun examen e dunha avaliación				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguemento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguemento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións: